

AS NOVAS VOCES DA POESÍA GALEGA

Unha publicación do:
Arquivo Sonoro de Galicia
Consello da Cultura Galega

Edición dixital de:
culturagalega.org

Multimedia:
pode descargar a gravación en audio
orixinal en culturagalega.org

INTRODUCCIÓN

Un dos fenómenos máis característicos da rica produción literaria galega aparecida durante a década dos noventa é a renovación dos discursos poéticos. Testemuñas deste acontecemento son tanto o crecente favor do público coma o entusiasmo da crítica literaria máis esixente. Os novos autores e autoras que comezaron a darse a coñecer durante esta década conseguiron abrir camiños inéditos para a expresión poética, conformando un plural panorama onde conflúen estilos, sensibilidades e intereses enormemente diversos.

Á vista do devandito, o Consello da Cultura Galega considerou apropiado celebrar o último Día das Letras Galegas desta década cunha celebración da palabra poética dos autores e autoras máis novos. E a maneira máis idónea para facelo parecía organizar un recital en vivo dun grupo de poetas representativos da poesía dos noventa. Precisamente, un dos grandes méritos destes autores e autoras foi o de reanimar a comunicación directa co público a través dos recitais. Os participantes foron: Ana Romaní, Celso Fernández Sanmartín, Emma Couceiro, Estevo Creus, Yolanda Castaño, María do Cebreiro Rábade, Marta Dacosta, Martín Veiga e Rafa Villar. O programa Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega gravou o acto que agora se lles ofrece.

ANA ROMANÍ

Noia, 1962. Realizou estudos de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade traballa como xornalista cultural na Radio Galega. Publicou textos en *A Nosa Terra*, *Dorna*, *A Saia*, *Carel* e *Festa da Palabra Silenciada*. Ten publicados os poemarios *Palabra de Mar* (1987), *Das últimas mareas* (1994), *Abril* (separata, 1996), *Arden* (1998).

A ti escollo por esposo nos días do estraperlo e das altas
/conciencias
a ti que te iluminas na fisgoa do compacto edificio
/en privilexio
e temeroso accedes á pregunta e nela detés a fronte
/e rexistras
o xeo

Desposeído esposo na fervenza que produce o estraloque

Paseas a túa incerteza de zeppelin na esquina
dos noventa inqueda e paralelo Sorrís e tragas o lique
e cobres de mandrágora a cabeza dos gardiáns
esa garita en monopolio que soborna
cada labio

E se son seran veleno as nosas cartas
couza que engorda no puntal da trabe
lapas en extremo exhaustas que se arden

con elas dentro os vendavais

¿Como vencer esta mastodónica inercia que choupea?

Selecciono dos teus ollos ese escuro as vetas
de loucura que estendes
na sombra que asexo histórica
e perpendicular terás que reducir
cabezas dubidar do usufructo
desdicir ás fontes sen cervas a beber
ou completar o atlas desandando as corgas
que habitaron nais

Abaneas na pértega e descubres como o ceo sostén un alminar
son os ecos que censuran o percorrido insolente do teu van
entre amarellas

Entras de puntas no balbordo e ves a fera
e cómes as mans de tanto medo que succiona as cordas
de escalador

Unha pica no vértice das nubes será paixón que persevera

Son de febre as madrugadas
resistencia amazónica de caimáns

Que veñan as amigas e nos amen
e nos pasen por debaixo das alfombras
os cadernos coa forma do seus labios na presión
somos insurrectas quitámonos a pel

e estamos de novo clandestinas

non temas o nordés en principio
ti tamén arnal

Evidentemente non celebramos esponsais

Arden, A Coruña: Espiral Maior, 1998

CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN

Lalín, 1969. Licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela.
Publicou os poemarios *Divagacións iú* (1991), *O tigre das cenoiras* (1994), *Sen título* (1995), e
Propiamente son captivo (Letras de Cal, 1997).

pasou un coche doente pola pista sen bachear e tívose que chimpár
de cu ás silvas que estaban pechas de amoras e houbo quen pensou
que se mancara cando o viron chegar coa camisa sangrada dos
rabuñazos e co doce escuro das amoras negras callado nos fuciños

Libro sen título, Edición de autor

co seu vestido de algodón
recollía o aire quente
e facía aire fresco

ela non iba lavar ó río
que lavaba no pilón da terraza
con vistas ó monte
e ás outras casas

respira ben
que che fai falta

e non voaba un paxaro sequera
despois de comer

o seu prato
era un leito de froitas
do tempo

as flores estampadas tan pequechas
como as que eu lle levei

e nunha botella de licor
á que lle raspei as etiquetas
coa miña navalla

púxenllas unha a unha

reviviu así o ramallo
algo murcho pola calor

e da bolsa coas claudias

sabían tan ben
as que eu comín
coma as que íbamos coller
eu e outros de pequenos
na claudieira dun veciño

pisabámoslle a horta con coidado
e comiámoslas verdes coma os allos

enchíasenos a boca de zume
e metíasenos a pel durísima
entre os dentes

disfrutabamos tanto

e nunca nos viron

e da bolsa coas claudias

que lle trouxen

deixeillas alí

cáseque un quilo delas

valía o quilo cen
e cobráronme noventa e nove

igual son poucas claudias para o moito que a quero

ás veces o agasallo
precisa ser dun tamaño aproximado
a como sería
a representación dun sentimento

probablemente non faría falta un barco de claudias
como tampouco unha aperta que lle esmagara o peito

cecais só
que fora sementando os osos das que comera

para que chegue a luz
sobre a miseria de tentar expresar
cousas tan cheas

Libro sen título, Edición de autor

Un caracol pequeno que vai subindo por unha parede
pintada de branco descansa metido dentro da cuncha
e deixa a alma dunha nube seca
ti mándasme unha caixa con rinocerontes dos peores
co seu corno de diante agranatado
preto do fociño
polo que se airean e o de detrás dese máis pequeno e
verde preto do medio e medio dos dous ollos das dúas
orellas no medio e medio da cara
un paxaro ou dous no lombo espinicano todo e déixaos
estar o rinoceronte porque se sente ben
ben de que lle
coman o picor continuo

o rinoceronte inmenso non ten nada que ver cos coches ata
que o cacen baixándose dun coche para recoñecer que era
unha boa peza de rinoceronte

báixanse do coche para ver se o levan consigo ou non o
levan consigo

ou collen o trofeo
auga na selva
gavelas de toxos da selva
rinoceronte
o da selva

se non te lembraches de deixar regulado o termostato da
auga quente a calefacción hache chegar á cabeza coma unha
preocupación e no encoro os parrulos gárdanse de nós entre
as xuncas

no seu corpo atopamos papeis que o acreditan coma un
cazador en regra segundo as leis do país

Propiamente son captivo, Pontevedra: Letras de Cal, 1997

Será pola mañá
azulado está o ceo
dos ósos azuis
das nubes que pasan desfeitas

desfansen de todo
as nubes

Propiamente son captivo, Pontevedra: Letras de Cal, 1997

Marcho para a selva
atrás miña veñen os gueiteiros
e a banda, eu cruzo o río
e eles quedan no sitio
vanse abrindo en rigleira ó longo da orela

Propiamente son captivo, Pontevedra: Letras de Cal, 1997

TUDO FOI GLORIA
VER FLOREA-LO PRADO COS LEÓS DEITADOS
LEVANTÁRONSE OS LEÓS PARA COMER
E DEBAIXO DELES
HABÍA ARBORIÑAS COMA ORINA AZULADA
DE TÓDOLOS DÍAS

FRESAS E MÁIS FRESAS
NON DABA NINGUNHAS ESTE TEMPO SECO
A SELVA
MIRÁMOLA MOTTO
O RÍO DERRIBA DAS MULAS

Propiamente son captivo, Pontevedra: Letras de Cal, 1997

a saia tendida ó sol
ten plantas máis ca ningunha
que miña avoa tivo ese atino
do sol ventaneiro

Propiamente son captivo, Pontevedra: Letras de Cal, 1997

berrou o aviador esfolado, ademais de velliño:

-o meu corpo non val nada, o meu corpo non val nada...; o meu avión tampouco, é unha máquina que non anda como eu quero, pero parte da culpa é miña, porque xa me falta vista, iso seino

e o problema empezoulle por aí, cando aterraba nas leiras de trigo berrando:

-aí vou, aí vou...!, botádevos fora!..

os segadores non o oían e o avión acababa sempre enganchado nalgunha silveira darredor do campo, fuxindo dos fouciños levantados, mantidos no aire por unhos corpos que se abaneaban

-...oes !, que ben se abanean -pensaba- ; coma en cuba, coma en cuba...

Poemas do aviador (Inédito)

tocoulle no último boleto
un animal e tívolle medo

voou ceo para arriba primeiro
fuxindo da terra
e ceo para abaixo
voltou despois

quedáralle no chau unha chave
de reparación
unha vara verde con follas
e unha mada de tornillos

o animal estaba
aniñado neles
ó pé dunha vara verde con limós
aterecido
asustado

érguete e mira
meu ben, meu ceo
o meu avión
verme voar

Poemas do aviador (Inédito)

e díxolle ó xigante co que tropezou o que buscaba

e o xigante:

-eu mido trinteseis varas de alto, desde a palma dos pés ata os pelos da cima da cabeza e se levanto as maus e me poño na punta dos dedos dos pés chego a medir corentedúas varas e media ou corentetrés se me estiro ben, e cólloche o avión cunha mau e estrózocho, contigo dentro

-non non (dixo o aviador); non es ti

Poemas do aviador (Inédito)

neste sitio
hai sombras a maus cheas
amores a maus cheas
cada folla da noqueira é
unha sombra e un amor

polas noces
pola mirar
polo aire que couta
e a herba que lle medra ó pé

porque o señor armindo
deitábase nela
despois de xantar
ó amor das sombras
ó chegalo vrau

Poemas do aviador (Inédito)

EMMA COUCEIRO

Cospeito-Lugo, 1977. Estudia Filloxía Hispánica na Universidade da Coruña. Colaborou en publicacións como *Festa da Palabra Silenciada*, *Dorna* e *Xanela*. Recibiu o Premio Espiral Maior de Poesía en 1996 polo libro *Humidosas* (1997) e o Premio Eusebio Lourenzo Baleirón en 1997 pola obra *As entrañas horas* (1998).

Tara

Como en ti, como en Atlanta. Falando da seca, da sega, dunha xeografía arriscada que se extendía simplemente así, coma campos de algodón arredor de Tara. Pero aquí, aquí todo foi noso, aprender o mundo que sempre regresaba para salvarnos xuntos, agardando atados, coas mans á espalda pero vivos, porque aquí, incluso aquí, o mundo seguía ben, nen mellor nen peor de como o deixáramos.

Xa non importa, pero eu non tiven corazón; amaba os golpes baixos e aprendía a falar con terror porque sabía historias das outras, das que aínda están por contar e permanecen sempre como a terra roxa de Tara. Sen embargo non fixen nada inútil por salvarme, e agora non debo pensar niso, de todas formas xa non importa.

Porque xa nada queda do sur, Ashley. Agora só quero amar o que me pertence e esquecer a agresividade daqueles días como esquezo a fuxida, o reencontro. O inferno non é un lugar decisivo aínda que o queime todo e xa non tente versos dominantes para ter razón e forza. Regresa o texto sen pulso nen forma e escribo detalladamente nada, reanimo algo que nen sequera existe porque esta vez habemos dicir a verdade. Porque era así o noso destino e os nosos ollos épica.

Regresaremos a Tara para reconstruír o mundo. Será a poética da sega, da seca. Será un motivo literario que sangue. Con razón ou sen ela teremos a forza necesaria para cinguir á cintura toda esa terra queimada, estilizar o poema con violencia até que nos custe respirar. Abismal como unha dama, e nunca máis como unha dama.

Agora que todo marchou co vento non faremos nada inútil por salvarnos, esta vez habemos dicir a verdade como se ese fose o noso destino, e os nosos ollos épica.

Realmente mañán será outro día.

Inédito

Deixo a torre deserta por min, que o levo todo deserto na garganta,
e así falo,
que non me queda valor para nomear este templo estriado
porque cada vez que pronuncio ese nome
sei que eu debería vencer máis veces.

E vencer aquí,
unha habitación sen vistas onde me esganan as palabras pero onde non pido perdón
porque son miñas,
e con elas sería capaz de dicilo todo se non fora meu este triunfo,
esta traxedia propia e contudente,

este clamor.

Así falo
e son como ela é
cando cruza o escenario sen razón aparente para morder a man que me alimenta,
porque niso consiste todo valor e toda victoria,
e pois estaba ferida e derramaba o seu sangue azul naquel teatro
só vinga e odia como falo sempre
quen ama fidalga a nobleza do metal que a mata.

Levo esta traxedia deserta na garganta
e así falo, como se fose a dicilo todo,
como a miña lei
crepúsculo e barro.

Como un clamor.

Inédito

ESTEVO CREUS

Cee, 1971. Licenciado en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Formou parte do Batallón Literario da Costa da Morte. Publicou na revista *Dorna*. Recibiu o Premio Miguel González Garcés (1996) por *Areados*; ademais ten publicado *Poemas da cidade oculta* (colección Ablativo Absoluto/Edicións Xerais, 1996). En 1998 gañou o Premio Eusebio Lourenzo Baleirón pola obra *Teoría do lugar*, actualmente no prelo.

O LIBRO DOS CANS (PREVIO)

Soamente recordo a casa
e as teas color cru
que penduraban do teito ata o xardín.
Alí residía o mundo.
Un a un os peixes medraban na pantalla
e un a un a casa ía enchéndose de saltos.

Pero eu recórdoo así:

as teas color cru polas paredes
e os meus ollos
saltando entre as leitugas.

Tamén, de cando en vez
xogaba a divertirme e a asustarme.

Con espellos, caixas, redes e trueiros
a luz do faro deixaba de avisar da mar de fondo
e a espera facíase un tanto menos lenta.

Pero eu recórdoo así,
Sego a recordar precisamente así:
os peixes devorándome as nabizas
e os barcos
coma vacas

Flotando na piscina.

Quero contarvos unha e outra vez
a dor do peixe grande
o precipicio
e aquel funambulista de pernas de cerámica
que levaba prendido do pulmón.
Contarvos unha e outra vez
as súas peripecias.

Inédito

O LIBRO DOS CANS (AS ESTRATEXIAS)

No teito
Pranto unha ringlería de cactus.
Espero, sen máis, a lentitude.
Un xogo de álgebra e de prantas.

Constrúo un trampolín
e pinto unha frecha na fachada.

Seguro que chegará alguén
estou seguro.

Despois de todo
a casa é un lugar de frechas e caídas
unha piscina
para as palabras confusas.

Mirar unha e outra vez
a mesma imaxe.

Construír unha máquina
para deter a cabeza.

Despois:
Tambalearse.

Espirse
facer da miña casa unha pantalla.

Proxectar dende as leitugas
animais pesados.

Mirar peixes.

Nubes.
Construír unha balanza para as nubes.
Pesar nubes.

Balancearse.

Seguir pesando nubes.

Despois.

Pornografía.

A casa elástica.

Tensores.

Mirar pornografía.

Meterse leitugas e tensores.

Tocar ceo.

Tambalearse.

Prever a tiranía da cabeza
con mapas topográficos
ecuacións
sistemas
e marcas dixitais.

Manter a atención nos procesos
na súa rapidez e na súa lentitude.

Despertar e mirar vacas; navizas.

Sei que estou nun campo de palabras e de congresos.

Fago da casa un faro cartesiano

Ordeno o xardín:
As súas coordenadas.

Sento sillas.

E sei que todo
é un proceso de esperar e doerse.

A distancia
sei que pode reducirse coa estratexia
e a beleza entrana, de seu, unha ferida.

Constrúo un leito de cravos para cravarme.

Mato o tempo
redúzoo.

Fago de min
un leito de fakires.

Miro nubes.

Constrúo os andamios da casa.
A estrutura.

Poder balancearse.

Balanzas.

Polea para cactus.

Paralelas.

Varío unha e outra vez
o meu teatro.

Escenifico as leitugas.

Procuo unha e outra vez
a súa lentitude

e detrás de min
en min

os peixes.

Detrás: flotando.

Despois proxectar pornografía:
Matar vacas.

Montar a plataforma para a chuvia:

Tirar pedras.

Ducharse.

Protexer o lugar e prantar frechas.

Adornar a casa e pegar flores:

Pensar na súa traxectoria.

Hoxe descuartizo as vacas da memoria.

Unha idea horrible mastúrbase intimamente comigo
e os seus zapatos parecen cadrar cos meus zapatos.
Adiántome.

Hoxe sei, de certo, que destrozarei avións
e que abrirei en canal
o ventre dunha muller preñada
e que meterei a semente da balea
na cona preciosa e afeitada
dunha muller enferma.

Poder verlle os ollos cheiños de saliva.
Enfermar con ela e despertarme.

Hoxe constrúo o meu propio discurso
con palabras obscenas e malditas.

Subo ó teito da casa
e me espo dentro da gaiola.
Pecho a cancela
e gardo o meu corpo co meu medo.

Espero
Tranquilamente
a chegada dos cans.

Tranquilo
estou tranquilo.

Inédito

Eu teño esperado días enteiros a chegada dos cans
E lentamente
Moi lentamente

Pintar a miña casa

co ruído dos barcos.

Inédito

YOLANDA CASTAÑO

Santiago de Compostela, 1977. Estudia Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña. Poeta e crítica literaria en *Festa da Palabra Silenciada*, *Dorna*, *A Xanela*, *La Flama en el Espejo*, *Clave Orión*, *A Nosa Terra* e *Quimera*. Obtivo os premios Fermín Bouza Brey (1994), Johán Carballeira (1997) e da Crítica Española (1998). A súa obra poética está contida nas obras *Elevar as pálpebras* (Espiral Maior, 1995), *Delicia* (Espiral Maior, 1998), *Vivimos no Ciclo das Erofanías* (1998). Codirixe, xunto a Olga Novo, a revista *Valdeleite*.

Suxestión

Había un labio húmido
descolgado en guirlandas serosas a rebentar moi lento
esgazando un gromo así descortizado
retorcéndose para desenvaiñarse, para
destrabar todo de golpe
que unha maré me desborda.

Seica o xabrón esvara moi viscoso polas pernas.

Había un labio lácteo
apoteósico
a rebosar.
Desorbitar os rebordos
e todo verquido.

Un labio lento
violento
a derreterse na abundancia

saíndose por fóra.

Delicia. A Coruña: Espiral Maior, 1998

Primeiro faise auténtica, elástica
no apresuramento por devorar que corre, quero
todo para min e os seus movementos impenetrables son
unha sensación contradictoria.

Que o meu corpo era para cousas boas,
desvirtuar cosméticas, para pinchar globos e pompas
de xabón irisado
todo un desamarrarse porque quero referver.

Logo derruban e descarnan e pónense a desenvolver
intersticios e comisuras, un edén algo directo
que fantasea a dureza dos latexos,
un xardín algo suxo
onde se verquen os contidos e non se pode calar.

Delicia. A Coruña: Espiral Maior, 1998

Quén preservará todos os contornos da conciencia.
Quén ha de revelar o meu nome descoñecido,
o meu impúdico nome que codifica e devora.
Quén pode prescribir tantos equívocos moldes
por encima desta fiestra construída polo corpo.
Quén haberá que incorpore esta razón esta memoria
cara un ciclo impertérito de tebras e de luz?

Delicia. A Coruña: Espiral Maior, 1998

Así o tempo de Aleister se me foi achegando
despacio,
o agricultor de mandrágoras que sabe comerme ben.
En cada rúa escura serviciais sacerdotisas
abríndonos os colos con preguiza voluptuosa,
versos con rotulador na miña pel de dezanove anos
que ti borrabas con servicios, servidume i saliva.

Entón chámote polo teu novo nome –eso o adoras-
e o meu rosario de dictames sobre os teus dezaioito.
Os labios de lombriga como as flores máis brancas,
cúbreme de leite plumas polo peito.

Os recunchos basálticos.
A súa cor e o teu pelo tocándose coas xemas,
mentres nós imos reunindo as mellores épocas dos nosos corpos
e a cima dos meus pezóns batendo contra o teu comedimento.

Temos un miradoiro dende onde podemos ver as nosas caras
e tamén a sentimental cooperativa que establecen
o meu rosario de dictames e a túa pel cando se xuntan.
Así nos recluímos nun planeta a regalarnos
unha cama de hortensias
e un delirio de lirios.

Vivimos no ciclo das erofanías. A Coruña: Espiral Maior, 1998

Atendemos á convocatoria das adolescencias.

E tal vez adolecemos ti no teu masoquismo intermitente
eu na miña supervivencia de heroína profesional.
Pero non fora causante o seguimento dos códigos
senón a habitual vivisección das miñas coxas
onde foron enarborados
os teus desideratos nada máis nacer.
Os entresixos feromónicos.

Vou falar-te que te penso,
para que brostes o meu lecer con fíos de eloxios fortes
porque estás tan bonito cando vas despacio
e as nosas pezas enroxeidas, electrizadas e radiactivas.

Rozabámonos negramente,
receitarémonos beixos glíglícos,
pero eu só quero contigo,

Vou facer unha festa coa nosa técnica de desfrenar,
inclinabas para min os nosos lazos vandálicos
e quero xa que demostres
esa túa yolandalatría.

Cando dis eu só quero contigo
abríuseme un campísimo de roces e vanglorias,
ti inoculando nas miñas veas o teu cariño intelixente
e fixemos unhas cousas que son máis bonitas contigo.

Vénte ti
coa túa yolandalatría.

Vivimos no ciclo das erofanías. A Coruña: Espiral Maior, 1998

Dame un fogar e sanarei as túas costas.
As túas labiais louvanzas as louvanzas únicas.

Así quero que me contes cómo e cánto me buscaches
e que así rememores todos os nomes da ausencia,
de cando eramos aínda tan remotos cara a cara,
e que queden sepultados baixo o cemento do esquecemento.
E eu
fago unha cova para ti no
 van do meu abrazo,
 na sima dos meus brazos,
 no rexime feudal do oco do meu colo.

A devoción enfermiza
que durmía nunha caixa pequeniña cun diagrama.
E agora a omnipotente resonancia da túa fronte,
e a íntima estancia onde ninguén é máis ca ti.
Tamén ti na viva esfera fixeches unha ofrenda,
aquela sonora e álxida quietude do teu casteio.

Son a Cristiana.

Hoxe dicíanme que as cousas escuras son cousas terribles.
Tacho as liñas, pecho os libros, teño dereito a un exército.
Desexo mecelos, os nomes brutais que me dabas, mecelos de novo.
Xuntos deixamos caer as nosas diplomaturas co mundo.

Cándo calarán
O meu nome é Cristiana.

Vivimos no ciclo das erofanías. A Coruña: Espiral Maior, 1998

Faltamos a clase. Cómo me buceas.
Faime o que sabes que me gusta que me fagas.
Cociñándome a túa hipérbole
a un fogo moi lento.

Cando as nosas emocións
xa nos doen de tanto usalas,
de alritadas i enroxecidas, que tanto pagaron a pena.
Cómeo todo, meu ben, como cando eras pequeno,
e apertámonos moito
para que non caiba máis nada.

A miña obsesión por esa melena,
acibeche vertical que che abriga toda a espalda,
unha relixión de 68 centímetros: para que vexas.
A túa posesividade coñece as miñas formas.

Fálasme de cousas de maiores.
Tíven que engulirte na miña cabeza.
Logo comezamos a , e fixéchesme .
e puxéxhesme o como se fose unha .
Un asunto de sintonías, e non sei como é que o fas tan ben.

Xa nos saen todos os cadros máis bonitos.
Se che dá por arrodearme de velas eclesiásticas.
Amarrándote con cordas e coas miñas dotes de quecer
por iso pido a insolencia de que ti me necesites.

Vivimos no ciclo das erofanías. A Coruña: Espiral Maior, 1998

MARÍA DO CEBREIRO

Santiago de Compostela, 1976. Licenciada en Filloxía Hispánica pola Universidade de Santiago, actualmente exerce como profesora de Literaturas Comparadas na Universidade do Porto. Acaba de publicar o poemario *O estadio do Espello* (col. Ablativo Absoluto/Edicións. Xerais, 1998).

(intencións)

Non levo té nas palmas pero teño unhas xemas
que poden rebentar en calquera momento.
Asisto á prehistoria das raíces
e os meus dedos ensaian a caricia só porque non te poden
rabuñar.

Con auga da traída
preparo unha infusión de finísimas herbas
e o verde leva un nome proscrito de muller, de maría, de min.
Tamén quero casar pero non teño roupa.
Por iso ás veces penso no xabrón do lagarto,
nas eventualidades, miña nai:
enxugar outra vez a saia coa que andaba perdida por aí
(igual que a carolina, íspome polos pés).
Primeiro eu almorzaba malas herbas ata un fondo chamado
última gota

e logo
así fregaba a louza, así, así,
mesturando na lingua memoria con desexo.
Imito a voz de isolda,
lamento o meu destino moito máis torpemente que luísa
insisto (sempre insisto) en preguntar,
coas miñas mans tan brancas
sumidas nos cacharros máis profundos.
Podía demorarme en refregar a carne contra tódolos concos
para apañar os restos dunpouso tan acedo como inútil.
Pedín xogar a bico, verdade ou consecuencia
pero non me deixaron.
Así pasaba o ferro, así, así,
coa traizón dos outros incendiándome o pulso,
e emprendía reformas nese cuarto que por desgracia todos
levamos dentro
ou tapaba as goteiras dun faiado
que ardera sendo eu inmediatamente anterior na orde do
tránsito.

O braseiro e a decadencia persoal son case amesma cousa.
Sorprendeume entre os dedos o espertar do remol
porque me souben lúcida pero sentimental despois de todo.
Así berrei por fin, así, así,
solicitando asilo, pedra gómez, calquera circunstancia
respirable.

O estadio do espello. Vigo: Xerais. Col. Ablativo Absoluto, 1998

Cociño a todas horas para precipitar os alimentos crus
nos abismos da pota. As galletas maría
(sutilmente esmagadas)
engordan (disque) a salsa de tomate.
Non dispoño de método pero exhumei un libro de receitas
que parece un compendio do universo.
Da natureza dixo galileo
que era un grande tecido (calceta, macramé)
e o papel de cebola serve para calcar os versos que nos gustan.
Sempre a cebola tarda (tremede, lacrimais) en desfacerse,
por iso é o primeiro que se bota.
Nos queimadores, en cuestión de segundos,
o lume ocupa o lugar da indiferencia.

O estadio do espello. Vigo: Xerais. Col. Ablativo Absoluto, 1998

Os lacrimais irrigan as árbores máis altas do paraíso.
Nos teus xardíns colgantes (retina desprendida, cristalino)
escóndome do pai.
Ata hai ben pouco eu era a nena máis cativa de caín.
Non resisto a ascensión, fame consciente
de que nacín espida, sólida e estranxeira
como tódolos recén admitidos no réxime totalitario do éter.
Só no líquido amniótico se funden a amnesia e a anamnese.
A inspiración é a primeira das fronteiras extensas
que separan a chaira (terra chá) do mundo submarino.
Tamén a min as ondas me cercaron.

Poderán eses ollos liberarme do crime, da defensa.

Evoco mentres tanto o edén artificial, lentes convexas,
lugares nos que o sopro cobra voz:
santo andrés de teixido, val de deus.
Alí as almas que aspiran a rozarse
segan toros xemelgos e ascendentes: cousas que só coñece
o que lles puxo o rabo ás cereixas.
Coas membranas intactas doutras primeiras veces
parto e reparto a froita: o corazón envolto
en follas de salgueiro.
Rompías a madeira sobre a pel dos veados.
Tí, que colles o alento pola man, podes aproximarme
á exacta duración da primavera.
Porque, diga o que diga don denís,
da breve pausa na que se demoran as froitas ó caer
renace unha semente imprevisible.

Logo tódolos astros deteñen as súas órbitas
para auspiciar a aleación dos metais nobres.
É preciso velar, porque da noite ascende
a lentitude. Insectos hai que lles rouban
o osíxeno ás teas púrpura
e as plantas baixas
sérvenlles de pasto
ás candeas escuras (luz cantábrica) que o tempo immobiliza.

O pulso é a única dimensión posible das árbores froiteiras.
Falábame alguén delas como sobreviventes
na traxedia do clima.

Este poema está noutro poema.

O estadio do espello. Vigo: Xerais. Col. Ablativo Absoluto, 1998

Pego flores e lágrimas nas páxinas dos libros.
Despois secan e caen.
Xa non penso en plural, e así me vai.
Polos areais de cangas
trazaba o vento as figuras da miña soidade.
Son lista como un allo. De pequena xogaba á mariola.
Agora desconfío das sete (malas) artes liberais.

No entroido vou xantar lacan con grelos.

Das cousas de madeira que me dás elixo o secreter cando se
pecha
e aborrezo o escritorio.
Parezo un libro aberto.

Quero ser o papel no que os anxos desfán a súa brevidade.

Ilustre
y hermosísima
maría:
qué desgraciaíta,
gitana,
tú eres,
teniéndolo to.

O estadio do espello. Vigo: Xerais. Col. Ablativo Absoluto, 1998

(adeus)

Non hai mar na cidade, se acaso certas vísceras
que quedaron prendidas entre a espuma do vento.
Os canteiros recortan unha pedra para que caiba
intacta
nos ollos do estranxeiro.
Hai torres á medida dos seus ollos.
Reconstrúo hércules ou
ba-
bel
(non vaia ser que todo se dixera)
e volvo derrubalas.

Na roupa dos ingleses ela escribía o nome do contrario
porque en cada chegada pode ver o combate desatándose:
maría vai lembrar (dunha vez para sempre)
cál era a súa verdadeira natureza.
Non ter parte no amor.
Ser dunha cidade á que se chega.

Xa todos descubriron que maría, a heroína
non defende as murallas desa cidade aberta,
senón máis ben as portas daquel lugar de
si
(arco de mazarelos, tránsito dos gramáticos)
escollido entre tantos posibles como cárcere.

En cada sinatura maría pecha o nome.
Non abeira os fuxidos e eles morre
de calquera disparo por detrás ou viven na coruña (qué
bonito é).

Deixei de practicar a escritura en espello,
prefiro a confusión.

O estadio do espello. Vigo: Xerais. Col. Ablativo Absoluto, 1998

MARTA DACOSTA

Vigo, 1966. Licenciada en Filloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, exerce como profesora de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio. En 1994 publica o seu primeiro poemario, *Crear o mar en Compostela*. En 1995 gaña o premio de Poesía Miguel González Garcés coa obra *Pel de ameixa* (1995) e en 1998 obtén o Premio Martín Códax con *Setembro* (colección Dombate / Ed. Galaxia, 1998). É a directora do proxecto editorial Letras de cal.

Nai pariume á humidade de setembro
cunha marca de sangue
e un instante de luz.
O mar atravesou un berro na distancia
sobre a chuvia que viña
en corpo de salitre.

Setembro. Vigo: Galaxia, 1998

Setembro leva aínda a dor que foi o parto,
os días de salitre baixo a chuvia do outono.
Unha muller e outra e tantas que non sei
cunha dor tan profunda nas rodeiras dos labios.

Setembro. Vigo: Galaxia, 1998

Hai un estraño xeito de chegar a esta noite
e un camiño imposible de soportar ás costas.
Non poderei dicirvos qué é o que tanto pesa,
porque non teño modo de atoparme no escuro.
Só sei que sen distancia soño rosas sen tregua
para adornar o ceo roubado ao castiñeiro.

Setembro. Vigo: Galaxia, 1998

Co aceite poñíamos segredos,
palabras, conversas,
e a pota rebentaba fervendo de impaciencia.
Mais a vida seguía
despois do aceite o allo, a cebola, o pemento
(mellor se for vermello)
e sempre remexendo o garfo de madeira.
E así un día e outro foron facendo costra,
tixolas, cazos, potas,
non houbo nunca auga que arrastrara eses anos,
nin xabón que varrera tanto empeño diario.

Setembro. Vigo: Galaxia, 1998

Para levar a dor amarga da consciencia
construíñ o silencio e a distancia imposible
baixo unha area fértil, visible e movediza
en que foron nacendo os cardos da ribeira.
Hoxe vou de regreso co peso dos meus petos
en que hai croios pequenos e casulos de seda
e tantas oucas brancas que fomos recollendo
nos poullos descubertos sobre a liña da alba.
Escollín esta dor de ferirme entre os dedos
arracándome a carne e a pel sobre os cotenos
para facerme asidua do silencio da tarde
en que gardo a verdade deste corpo cansado.

Setembro. Vigo: Galaxia, 1998

Hoxe estou en silencio xogando co pasado,
mentres vexo chegar andando a miña avó,
que aínda é tan pequena como eu recordo
e segue alí no vello paseo Afonso XII.
Eran cen escaleiras as que nos separaban,
o mundo da cidade vencido de ruídos
e a praciña de pedra en que aínda hai un pozo
ou a casa pequena da indomable Manuela.
Recupero a memoria de Pepa silenciada
pola peste da gripe cando empezaba o século,
e o misterio da vida en garrafas de barro
e algodón por Gonzalo, que naceu a destempo.
Recupero a friaxe e o sal do mar na noite
e a chalana afogada na outra beira da ría,
á miña nai tirando carbón desde a bufarda
ou atada a unha silla de falar *castellano*.
E eu sinto que son hoxe tantas que entón me foron,
Saladina, Manueliña, Rosa ou tamén Pepa,
e a mesma Teresa que nos fala incansable
mentres o tempo vai rodando pola tarde.

Setembro. Vigo: Galaxia, 1998

Nesta pel de ameixa que me cobre
medrei desde o xardín da miña infancia.
Cando a casa pechou mudei o vento.
Aínda teño a carne madura das ameixas
e son auga e xarope en acedume.

Pel de ameixa. Premio de Poesía Miguel González Garcés, 1996

Parece innecesario falar de amor, ás veces,
e construír poemas de corpos derrubados,
de fume, de suor, de ventás apagadas,
de líquidos encontros e seguras derrotas.

Parece innecesario mais aínda transitan
folios e máis folios, e libros ademais.

Destrúen o silencio, de feble arquitectura,
dos que calando amamos con terca intensidade.

Parece innecesario falar de amor, ás veces,
para esquecer sen saña as bandeiras do odio
ou as bágoas humildes de quen non ten futuro
e nin pedir perdón por ignorar que somos.

Pel de ameixa. Premio de Poesía Miguel González Garcés, 1996

MARTÍN VEIGA

Noia, 1970. Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago. Autor de *Tempo van de porcelana* (1990) e *As últimas ruínas* (1994), obra esta coa que en 1993 obtivo o Premio Espiral Maior de Poesía.

Sol de inverno

Quen escribe lembra cómo entramos
tras a intensa nevarada:
os ollos cegados pola luz,
as folerpas no cabelo,
os pálidos semblantes recubertos
por esa frialdade nova,
chegada furtivamente do exterior,
que penetra os atrecidos membros
como un lampexo revelando
unha certa perplexidade, un aceno.

Trátase da mesma situación unha
e outra vez, baixo aparencia
 ben distinta: a neve,
a ponte vella, a canteira abandonada
á vexetación, os escuros camiños.

Intactos lugares do temor
que nos recollen en nós mesmos.

Como o vento que pouco
a pouco se vai debilitando
e deixa pousado nos muros
o aroma das follas, o alento
 do bosque,
así a túa respiración,
así a túa respiración
ao pé do lume, íntimo
latexo que captura a mirada,
que nos recolle en nós mesmos.

E nos entrega cinza, espello
tal vez do deterioro, tal vez
do desafecto, o frío.

O teu amor é como unha brisa entre ramaxes.
O teu amor é sol de inverno.

Inédito

OLGA NOVO

Vilarmao-A Pobra de Brollón, 1975. Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Fai crítica literaria. Membro do consello de redacción de revistas *Ólissos*, *Animal* e *Unión Libre*. Como poeta deuse a coñecer a través de Dorna e Festa da Palabra Silenciada. O primeiro poemario individual que publicou é *A tetá sobre o sol* (Edicións do Dragón, 1996), o máis recente *Nós nus* (col. Ablativo Absoluto / Edicións Xerais, 1997). Codirixe, xunto con Yolanda Castaño, a publicación *Valdeleite*.

Alba

Polas liñas da man os defuntos din Agora empeza o día en que estás.
Así pechabas este signo no poema final.
Silencio, velade por nós que nos amamos.

De todo canto se oculta no universo preferíamos aqueles de voz apresurada,
os que tan só contaban cunhas terras ó bordo do areal.
Entre o areal o meu corpo e este poema non hai en verdade ningunha diferenza.

Estrañas son as circunstancias nas que eu nunca deixo de ser as que son
monte chamana paxaro
(entra por esta parte do que escribo, cúrame a descalcificación dos ósos)
A plena luz do día digo que Auga en furia fóra do normal palpita
palpita.

Que nada se crea nin se destrúe nada
que eu, a máis vermella, oxalá colocada en alto me amasen falcóns aves necesarias
na orientación de todo canto voa. Nada se crea, creme. Oh, nada se crea
nin a solución a tódolos enigmas que permiten a carne, nin a disolución infinita de dous.

Que a convulsión é a nosa maneira de transitar os átomos, que así era a forma primeira
da enerxía que Océana. Erguida e desdobrada en dez mil cunchas.

E o tempo non existe, ves, non existe, non existe.

O tempo amor o tempo non existe non existe o tempo non nin sequera existe.

Inédito

Antes a vida

Coma se as pupilas derretidas con areas de sal e de lixivia.

Se amence e che din este sol recortado dos teatros de ópera
oh titiriteiros, vendedores de trapos exhaustos, de restos de comida, quincalla dos
últimos
suburbios, alcol que disemina arañas pola gorxa, iluminados nos bancos dos parques,
intelixencia entregada ós tiros e á carcoma. Velaí.

Pero con isto se soldaban os ósos ós vinte anos.

No Templo comérciase co teu amor.

-Cámboche un poema por un cromo de xogador de fútbol.
Un poema con rima por unhas gafas de sol.
Un poema de alexandrinos por ese colar de mentira.

No Templo comérciase co teu amor.
Pero antes a vida.

Antes a vida a folga do meu nome a manifestación en alto do primeiro momento dos
amantes.

Antes ela cá estraña distancia interposta
entre tódalas mentiras e o meu clítoris.

Antes a vida.

E mesmo cando semella que, antes a vida antes o destrozo da muller que frega os pratos
no
centro do teu corazón.

Antes Antes o teu violín que descende ó pracer dos teus beizos
un día
a extremidade dos concertos sobre o frío de Laponia.
Antes a vida.

Aínda sabendo que trocarían os versos por unha bolsa con trece moedas.
Que con cada unha delas fabricarían mitos para salvar a patria.

Antes a vida Para contemplar contigo esta última noite Antes para que meu pai escoite o
ventre dos seus animais respirándolle dentro, Antes a vida. A aldea minúscula que se me
cae
a cachos por dentro dos abrazos, Antes a vida.

Que está o meu avó queimando igrexas no centro do meu útero.

Por iso antes, levaremos a cabo a experiencia do amor nas cunetas, antes ela o
estremecemento de terra nas orxías, tan só inundar a praza pública co seme que deixas
neste verso.

Ou tan só pechar os ollos sobre a tormenta adorable que ten por nome a túa man.

Antes ela cos seus fusís de fame no terceiro mundo do seu cancro de ovarios, antes ela.
Choverá sobre nós sobre os cabalos da miña memoria sobre as tellas da nosa historia
sen
casa, sobre a vulva da muller que violaron cando poñía flores na tumba do meu libro de
versos.

Antes a vida como a miña mai derramando mapoulas en xaneiro ou simplemente coma
min
dentro dela desgarrándolle placentas en xaneiro.

E como todo foi dito xa

Antes a vida.

Inédito

Os cadernos secretos de Antonio Capineli

I

(o primeiro caderno escribiuno Capineli
sobre unha vidreira gótica,
PARA A FASCINACIÓN DAS TÚAS CATEDRAIS):

eu oíra que ela tiña unha estrela roxada no seu centro
e que era navegadora ó outro lado do Golfo de Rosas.

era tan impúdica porque soñaba.

eu traballaba nas fábricas de vidro cando a vin perder o control de si mesma,
cando a vin.

II

(o segundo caderno foi escrito no tempo en que Capineli
roubaba de madrugada madeira de castiñeiro novo,
PARA A NOSTALXIA DAS TÚAS GÓNDOLAS):

para máis taboas de góndola nunca me bastará o recordo
dos seus beizos de madeira entregada ós náufragos.

ela virá porque a precisan as cúpulas.

e eu cruzo tódalas pontes por riba dos canais.
estou aquí, no cemiterio monumental dos estranxeiros
e por ela a min estánme vasos de vidro bizantino.

III

(o terceiro caderno escribiuno Antonio Capineli
nas paredes dun patio dun barrio xudeu,
PARA A INTUICIÓN DOS TEUS ABRAZOS):

nunha aldea dos Cárpatos unha nena canta a nosa historia.
e sei que xa estiven nela en forma de montaña ou en augurio.

Szerelem é o seu nome e o de tódalas súas.

porque me deu de beber un canto sefardí e sei que a atoparei
en calquera camiño e non dubidarei do seu delirio.

IV

(o cuarto caderno foi escrito
na roda dun antigo muíño á beira do Tambre,
PARA QUE RECOÑEZAS OS SEUS OLLOS DE MAGA):

ela baila espida ó redor dunha fogueira nun bosque, fóra de si,
ela confunde palabras con pedras de orixe volcánica e con látigos.

recupera o outono que lle falta para ser verdadeiramente nova e doce.

ela ven para premerme herba seca contra as vísceras,
coma pedras de alegría lume lúa e gasas desprendidas
para pechar definitivamente as cicatrices.

V

(o quinto caderno escribiuno Antonio Capineli
sobre a pel da muller que buscou durante séculos.
ela era unha orfa que habitaba no seu nome de luxuria e can perdido.
PARA TI PORQUE TODO CANTO SE DI CANDO SE AMA É SAGRADO,
CASE É TODO CANTO SE DI CANDO SE AMA):

voar é radicalmente o seu xesto innato.
ela vén desprovista da tristeza dos túneles porque confía no azar
e na luz primordial que alimentan cabalos salvaxes na retina.

e sei desde o principio dos tempos que todo foi vivir con ela
este poema durante toda a vida.

e ela sabe que desde o principio dos tempos
que eu estaba para os seus vidros e a súa madeira de góndola infinita,
para pronunciar desprendementos que se lle forman á entrada das pálpebras,
para durmirme para sempre nas súas bestas recónditas,
para durmirme
para sempre
nas súas bestas.

Inédito

Lume

(primeiro intento na chaira aluvial, antes do frío)

Cruzar os fungos da dolor
a hernia vertical
extensa
do vello continente.

Cofa unha raíz de bido cunha codela de pan
a raspadura do granito contra un coio rearengo
o fémur dunha femia.

A ver se así.

(segundo intento nas antas, no rito funearario)

...O seu cadavre cruzará un río
e todas comprenderemos ah o vento succiona a nosa intelixencia.

Golpea o liño na parte enferma dos teus ris
as mans ponas ata medránche os fentos cara arriba,
a mandíbula na posición do sol. Adóralo.

Quizais con orina na extremidade das herbas en zaneiro.
Co cráneo a ras con ras de chuvia, lagartos, campás.

A ver se así.

(na duración da tormenta)

Sabemos que o alustro non abre senón que cicatriza
se o trono agateña pola tensión muscular
se ocupa os teus glóbulos de cerdeira o tizón.

A miña meixela é este fósil abrasado
eu recordo a crepitación nas alas dos insectos.

A ver se así.

(moito antes de todo, ela, finalmente lume)

La, lume, la acuno o meu amante.
A miña historia na madeira dos dedos ó fondo
na casa dos seus cuartos interiores
no bulleiro
ese ladrido percorrendo as dúbidas na boca

o mar remoendo o amor ata o cunchaio.

Así fai a muller ó amanexo –en brazos a planta sol-
comunicando
la, lume, la, acuno o meu amante.
Nin fía nin sementa, dá.

Non sei se o meu amor dará para taparte nas noites de xeeda
se o meu poema evitaría que as veas te asaltasen
se unha muller pode, tal vez, dicir “¡Queimal!” e que arda
pero se isto é así
se isto é así
oh lume ben sei que só merece a pena en ti.

Así fai a muller ó amanexo –en brazos a planta sol-
comunicando
acuna o seu amante, la, lume, la,
acúnao, la,
no lume, acuna o lume,
la, lume, la.

Inédito

RAFA VILLAR

Cee, 1968. Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Membro do Batallón Literario da Costa da Morte. Primeiro Premio Fermín Bouza Brey en 1992 por *Os liques da memoria* (1993), autor, ademais, de *O devalo do mar* (1994), *No mesmo espacio* (1995), *A sotavento dunha singradura* (1995), *O tributo da tarde* (1997), e mais *Casa ou sombra* (1997), galardoado este último co premio Cómaros Verdes de Vilagarcía.

Illa dentro (fragmento)

A illa: unha bágoa de terra
rodeada de océano por todas as partes.
Dentro: a penas nós e mais o mar.

A illa:
esa pinga vertida ao mar.

Espello do horizonte lonxe.

A illa como pantasma errante
que encallou un día na soidade,
e alí nacemos
e desde alí andamos a furia do mar.

O acantilado é o niño
para os paxaros sen volta.

Alí están as ás
dos que voaron a noite,
o abismo da memoria.

No acantilado sempre é inverno.

Olo para el
e apalpo o seu frío.

Hai outros lugares da illa
nos que sentir as palabras,
o acantilado non.

Os días pasan.

A navegación faise monótona
até que un barco chega
ao centro da illa.

A súa carga é un mar perdido,
da cor da ausencia.

Nadar aí

é soñar a memoria,
dicir o regreso.

A illa navega máis soa
cando o barco parte,
libre de carga,
á procura de máis mar.

O vello Sinbad
barloventou día e noite
por volver á illa.

Singrou invernos e primaveras
e bebeu o sal
dun porto que nunca o viu partir.

A illa non sabe
que o vello Sinbad aínda non voltou
e cada onda que chega
é mar da súa ausencia.

Hoxe vai nordés
e é como se a illa abalase para o horizonte,
labrando o mar por unha rota gris
esquecida polos barcos e os arroaces.

Debuxa algas e corais
e inventa brillos que nin sequera soñamos.
O mar recóllea e abrázaa
e muda o seu azul por un verde de terra.

A illa galopa este aire de nordés
e ponnos nos ollos outra mirada.

Os que máis amamos o mar
ficamos sempre na illa
resistindo o vaivén das ondas
e os temporais de marzo.

Os outros camiñaron sobre as augas
e deixáronnos só unha gaivota triste
que seguiu a voar candanós

até que esqueceu o vento
e foi partir.

Marchou elevándose sobre as augas
e cunha mensaxe nas ás:
o mar nunca ama traizón.

Illa dentro
unha bandada de corvos mariños
que foxen atoutiñados pola chuva
dá co esqueleto do barco.

Ocres cadernas
que deixaron escapar o océano
e apodrecen na sombra.

O capitán lembrou o leme
e pediu esquecer a terra.
Partir distante na melancolía
e ser de auga e de sal.

Outra bandada de corvos mariños
descubriuno mar afora
nove días despois do adeus,
abrazado a unha nube de algas
e nos dedos durmidos
o vello compás das singraduras de outrora.

Alguén ordenou a partida,
esquecer da illa a súa brisa,
o longo litoral que medraba en nós,
e exiliarse nas ondas
atravesando o inverno
e non volver.

Alguén ordenou a partida
e sentimos dentro a nostalxia,
como se os arrecifes
que crebamos e perdemos
fosen a casa.

E partimos un día
cara a un horizonte de espuma
sabendo que éramos a illa
e que o mar nunca acababa.

Illa dentro, Edición electrónica

ÍNDICE